



**RESOLUCIÓN DE ALCALDIA**  
**SR. ALCALDE-PRESIDENTE**  
**D. ALBERTO VARELA PAZ**

**Pola que se aproban as Bases reguladoras das probas para a selección dun posto de AXENTE DE IGUALDADE na Área de Igualdade-CIM como funcionario/a interino/a a tempo completo ata a incorporación da funcionaria titular.**

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 22/04/2024 adoptou, entre outros, o acordo de nomeamento a través da realización dunha oferta de emprego público ao Servizo Público de Emprego de Galicia, para a substitución transitoria da titular do posto, a xornada completa e ata a incorporación efectiva da mesma, logo da alta e o goce dos permisos e vacacións regulamentarias que lle poidan corresponder.

Por elo pola presente Resolución veño a aprobar as bases reguladoras da convocatoria de probas selectivas polo procedemento de CONCURSO-OPOSICIÓN para a selección de persoal funcionario interino.

Esta selección rexerá polas seguintes bases específicas. Para todo o non previsto nestas Bases, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Lei 39/2015 de 1 de outubro reguladora do Procedemento Administrativo Común, na Lei 7/2007, Estatuto Básico do Empregado Público coa redacción dada polo Texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro (TREBEP), e na Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, así como na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, e demais lexislación concordante, que sexa de aplicación, en particular na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (BOE 15 de xuño 2002).





## **BASES DA CONVOCATORIA**

### **PRIMEIRO. Obxecto da convocatoria.**

E obxecto da presente convocatoria é a selección polo procedemento de concurso-oposición dun/ha funcionario/a interino a tempo completo para a realización das funcións de Axente de Igualdade na Área de Igualdade-CIM por substitución da funcionaria titular e ata a súa incorporación.

E coas retribucións que correspondan ao persoal funcionario interino do Subgrupo A1 ou A2 segundo a titulación e a lexislación vixente e ao Acordo Marco/Relación de Postos de Traballo de aplicación no Concello de Vilagarcía.

### **SEGUNDO. Requisitos dos aspirantes.**

1. Para tomar parte na oposición será necesario:

- a) Ser español/a ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos na Lei 7/2007, Estatuto Básico do Empregado Público. Na redacción dada polo Texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro. (TREBEP). Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os/as cidadáns españois, as persoas estranxeiras con residencia legal en España.
- b) Ter máis de 16 anos e non ter cumpridos os 65 anos de idade.
- c) Posuír a titulación que lles sexa esixible para o acceso á función pública aos funcionarios do subgrupo A1 e A2. Grao, Licenciatura ou Diplomatura en: Pedagogía, Psicoloxía, Socioloxía, Traballo Social, Educación Social.
- d) Ter formación especializada en materia de xénero e/ou igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (mínimo de 200 horas). Tal e como consta no decreto 130/2016, no que se recolle a formación mínima dos/as profesionais dos CIM.
- e) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial
- f) No padecer enfermidade nin eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do cargo.





g) Non estar incurso en causa de incapacidade nin inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas.

2. Os requisitos mentados deberán posuírse o día no que se realice a selección.

### **TERCEIRO. Candidatos/as preseleccionados**

Realizarase exclusivamente mediante unha preselección de candidatos/as a través dos servizos públicos de emprego.

As persoas preseleccionadas deberán acreditar documentalmente os requisitos previstos na base segunda antes da realización da proba de oposición, especialmente ter formación especializada en Igualdade de Xénero e Prevención da Violencia de Xénero.

DATA DA SELECCIÓN: 28 DE MAIO AS 9:00

LUGAR: SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO

Praza Ravela nº1

### **CUARTO. Anuncios.**

Os anuncios do proceso selectivo levarase a cabo na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

### **QUINTO. Tribunal.**

O Tribunal/ Comisión de Selección:

1. Estará constituído polos seguintes membros:

Presidenta: D<sup>a</sup>. Julia Barbosa Sánchez  
Secretaria: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Maquieira Devesa  
Vocais: D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Agra Torres  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Fole Gómez- Ricoy  
D<sup>a</sup>. Susana Casal Martínez  
Suplente: D<sup>a</sup> María Galbán Zaragoza





2. A designación dos membros do tribunal poderá incluír posteriormente a dos respectivos suplentes.

3. A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, a lo menos, tres dos seus membros e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.

4. Deberán absterse de formar parte do Tribunal os membros que incorran en algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

#### **SEXTO. Proceso selectivo.**

A selección dos aspirantes efectuarase polo sistema de concurso-oposición.

1.- Para participar na fase de *concurso* as persoas participantes deberán presentar no prazo e lugar que comunique o Tribunal a relación ordenada dos méritos que se aleguen, acompañada dos documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou copias compulsadas. Non serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos.

- Con respecto á formación en xénero e/ou igualdade de oportunidades entre homes e mulleres:

Considerarase formación en igualdade entre mulleres e homes e en prevención e loita contra a violencia de xénero os contidos que aborden estas materias baixo calquera





das denominacións utilizadas polos organismos autonómicos, nacionais e internacionais, tales como igualdade de xénero, mainstreaming, perspectiva de xénero, feminismo, conciliación, corresponsabilidade, sexismo, violencia de xénero, violencia machista ou violencia contra as mulleres, trata de seres humanos con fines de explotación sexual, acoso sexual ou por razón de xénero ou calquera outra denominación que implique visibilizar a situación de desvantaxe social das mulleres, conforme establece o Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

A formación en xénero e/ou igualdade acreditarase:

- a) no caso de mestrados, especialista ou experta/ experto universitario, mediante o título ou certificación da Universidade no que conste ter superado a formación conducente á obtención do referido título, datas de realización e o número de horas ou créditos ECTS.
- b) No caso doutras modalidades de formación, mediante a achega de certificados dos cursos, expedidos por organismos públicos ou outros organismos competentes, nos que deberán constar as datas de realización, contido do curso e número de créditos e/ou horas. Poderá requirirse a achega do programa formativo.
- c) Non se terán en conta os cursos de menos de 30 horas de duración.
- d) Poderán valorarse os módulos ou partes integrantes dun curso nos supostos nos que quede debidamente acreditada a carga lectiva e horas/créditos asignados de forma diferenciada.
- e) Non se terá en conta a formación en igualdade (cursos ou módulos) que formen parte do programa de estudos que serviu para a obtención do título requirido para lo posto.

Valoración:

- a) Méritos académicos (**2 puntos**): Título de Posgrao/Master Universitario oficial relacionado coas funcións propias da praza (Igualdade de Xénero/Violencia) ou estar posesión do Grao en Igualdade (esta titulación non se poderá ter en conta de novo dentro da formación continua).





b) Outra formación en Igualdade de Xénero/Violencia **(ata un máximo de 4 puntos)**

Por participación en cursos impartidos por Administracións Públicas ou outros organismos oficiais competentes:

- De 30 a 49 horas: 0,20
- De 50 a 80 horas: 0,50
- De 81 a 120 horas: 0,80
- 121 a 160 horas: 1
- De 161 a 300 horas: 1,50
- Más de 300 horas: 2

c) Coñecemento da lingua galega **(máximo 1 punto)**

Quedaran exentas da realización da proba de coñecemento da lingua galega as persoas realizar que acrediten posuír o Celga 4 (ou curso de perfeccionamento en lingua galega), ós que se lles outorgará a cualificación máxima.

Tamén quedaran exentos aqueles aspirantes que acrediten poseer un título Celga inferior segundo a seguinte valoración:

Celga 3: 0,5 puntos

Para as persoas non exentas realizarase unha proba de carácter obrigatorio e non eliminatorio que se cualificará de **zero (0) a un (1 punto)**.

A proba consistirá na traducción, sen diccionario, de dous textos propostos previamente polo tribunal, un de castelán ao galego e outro de galego ao castelán, nun tempo máximo de media hora. Aqueleas persoas que aínda acreditando posuír un Celga 3 desexen realizar a proba de traducción poderán facelo si ben en caso de obter unha puntuación inferior á que corresponde polo título aportado manterase a asignada ao título Celga 3 aportado.





A cualificación virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no concurso de méritos e dos coñecementos do idioma galego:

- a) Máximo mérito académico: 2 puntos
- b) Máximo formación específica: 4 puntos
- c) Máximo Galego: 1 punto

Total máximo concurso: 7 puntos

2.- A fase de *oposición* será previa á fase de concurso e consistirá en:

a) Unha primeira proba na que haberá que resolver un suposto práctico plantexado polo tribunal e que garde relación coas funcións e tarefas a desenvolver. Resolverase por escrito e posteriormente será exposto oralmente ante o Tribunal.

Esta proba poderá valorarse ata un **máximo de 10 puntos**, sendo necesario acadar 5 puntos para acceder á fase de concurso de méritos.

b) Unha entrevista persoal que se poderá valorar ata un **máximo de 5 puntos**. Esta proba versará sobre as competencias profesionais, formación e coñecementos das funcións do posto de traballo a desenvolver así como a capacidade e aptitude profesional para o desempeño do mesmo.

### **SETIMA. Cualificacións.**

A cualificación final virá dada pola suma da fase de oposición e de concurso de méritos. En caso de empate, a orde establecerase atendendo a mellor puntuación obtida na fase de oposición, en caso de que se manteña o empate valorarase a puntuación acadada no apartado de experiencia. De persistir o empate, este dirimirase por sorteo.

### **OCTAVA. Lista de aprobados**

Establecida a puntuación final de cada aspirante, elaborárase unha listaxe destes/as baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando proposto para sua contratación o candidato/a que obtivese a nota máis alta.

A Xunta de Persoal e o Comité de Empresa poderán solicitar en todo momento información sobre a situación da Bolsa.





### **NOVENA. Presentación de documentos e contratación**

O/A candidato/a proposto para nomeamento deberán incorporarse ao posto de traballo segundo as indicación do Concello de Vilagarcia, non tendo dereito a retribución algunha ata a efectiva incorporación ao posto de traballo.

Deberá presentar nas oficinas do Concello os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- a) D.N.I.
- b) Título requerido para o posto.
- c) Declaración xurada ou promesa de non estar incurso en causa de incapacidade, non ter sido separado do servicio de ningunha Administración Pública, ni estar inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e de no ter sido condeado por delito doloso.

e) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física que lle impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

Quen dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación, o do exame da mesma se deducira que carece de algún dos requisitos sinalados nas bases, non poderá ser contratado e quedarán anuladas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade.

### **DECIMA. Incidencias Impugnación e supletoriedade.**

A Comisión Seleccionadora queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

A presente convocatoria, as bases, e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

En todo o non previsto nestas bases de selección será de aplicación o disposto na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a







selección e nomeamento de persoal funcionario interino, no Real Decreto Legislativo 5/2015 do texto refundido da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia e demais normativa concordante.

**ONCE.- Protección de datos**

A participación no proceso selectivo implica o consentimento para que os datos persoais aportados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro da Sede Electrónica do Concello e na páxina web municipal cando así o requira a actividade propia da tramitación do procedemento selectivo. A identificación das persoas candidatas será preferentemente mediante o número do DNI ou outro documento de identidade válido.

Vilagarcía de Arousa, *na data da sinatura electrónica.*

O Alcalde-Presidente  
D. Alberto Varela Paz

A Secretaria Xeral  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosa Losada Suárez

